



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ANUNCIO DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NO CAMPAMENTO MUROS CONCILIA PARA O NADAL 2022/23

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 1270/2022 do 16 de novembro de 2022 adoptouse o seguinte acordo:

...

BASES XERAIS REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NO CAMPAMENTO MUROS CONCILIA PARA O NADAL 2022/23

MUROS CONCILIA NADAL 2022/23

1. PRAZO DE SOLICITUDE

1.1. O prazo de solicitude de inscrición nos campamentos establécese do seguinte xeito:

- *Solicitude de inscrición: do 1 decembro ata ás 14.00 h do 16 de decembro*
- *Sorteo: 20 de decembro (en presenza da Secretaría municipal no suposto de que o número de solicitudes supere ao número de dispoñibles).*

O sorteo será público e terá lugar no salón de plenos do concello ás 10.00 h da mañá.

1.2. *Tipos de solicitude:*

- *Poderá presentarse unha solicitude individual ou múltiple para o suposto de irmáns/ás.*

Como cubrir a solicitude:

- *A persoa solicitante será a nai, pai, titor ou titora legal.*
- *A/as persoa/s participantes serán o/a os/as neno/a nenos/as.*
- *No caso das solicitudes múltiples, deberanse cubrir os datos de todos os irmáns ou irmás que solicitan a súa participación que serán as persoas participantes.*
- *A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.*

1.2. *Para solicitar a inscrición nos campamentos de Nadal deberá cubrir o formulario específico de solicitude, só un formulario por familia, no seguinte enlace:*

Formulario de inscrición

1.3. *O número máximo de prazas por lugar será de: 20*

1.4. *A adxudicación pode ser:*

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- *Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.*
- *Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles. O sorteo será por familia.*
- *Deberase aceptar a praza nun prazo máximo de 24 horas desde a recepción do correo electrónico, coa confirmación da praza, de non ser así será excluído/a.*

Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera.

1.5. Terán prioridade os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Muros. No caso de que non se completaran as prazas, estas poderán ser ocupadas por nenos/as non empadroados/as no Concello de Muros.

1.6. Priorizarase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares na que ambos proxenitores teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá asinando unha declaración responsable.

1.7. No caso de que aparezan solicitudes presentadas por diferentes solicitantes, pero na que parte ou todas as persoas participantes sexan as mesmas, serán anuladas automaticamente.

Cumpriranse coas medidas sanitarias vixentes no momento da realización da actividade.

2. IDADES E HORARIO

2.1. Idades

- *Nenas/os nadas/os nos anos:*
2018, 2017, 2016, 2015, 2014, 2013, 2012, 2011 e 2010

2.2. As datas establécense do seguinte xeito:

- *26, 27, 28, 29 e 30 de decembro 2022*
- *2, 3, 4 e 5 de xaneiro 2023*

2.3. Horario:

- *Entrada: de 9.00 h a 10.00 h*
- *Saída: de 13.00 h a 14.00 h*

2.4. Lugares:

- *Muros: pavillón de Miraflores*
- *Esteiro: pavillón Xosé Lago*

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

2.5. Información:

- Departamento de Servizos Sociais no número de teléfono 981 762 465.
- Casa de Cultura 981 762 294.

3. REQUISITOS

3.1. Para poder asistir aos campamentos é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.

3.2. Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).

3.3. No caso de que o/a neno/a padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

4. EQUIPO RECOMENDADO

- Equipamento deportivo /roupa cómoda
- Mochila pequena
- Botella de auga e unha pequena merenda para a media mañá (todo etiquetado co nome do/a participante)

5. PUBLICACIÓN DAS BASES

Mediante resolución da alcaldía estas bases serán publicadas na páxina web municipal, www.muros.gal.

...

Muros na data da sinatura dixital

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981 826 050. Fax: 981 762 257